

PLAN DE CONVIVENCIA



CEIP DE BARRANTES

ÍNDICE

1. Xustificación
2. Introducción
3. Marco Legal de Referencia
4. Comisión de Convivencia
 - 4.1. Composición
 - 4.2. Funcións
 - 4.3. Reunións
5. Características relevantes do entorno do Centro
6. Situación actual da convivencia no centro.
7. Obxectivos do Plan de Convivencia
 - 7.1. Obxectivos específicos
 - 7.2. Medidas para a consecución dos obxectivos
8. Normas de Convivencia do Centro
 - 8.1. Descrición das actuacións e programas que se van desenvolver para favorecer a convivencia
 - 8.2. Dereitos e deberes do alumnado
 - 8.3. Dereitos e deberes do profesorado
 - 8.4. Dereitos e deberes dos pais/nais ou titores legais do alumnado
 - 8.5. Dereitos e deberes do persoal de administración e servizos
9. Protocolos de actuacións:
 - 9.1. Actuacións, persoas responsables, persoas destinatarias e procedementos a seguir para o seu desenvolvemento e execución.
 - 9.2. Aula de Convivencia Inclusiva.
 - 9.3. Protocolo ou programa de mediación.
 - 9.4. Condutas contrarias á convivencia e medidas correctoras.
 - 9.5. Acoso escolar
 - 9.6. Absentismo do alumnado
10. Coordinación interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.
11. Plan de Formación
12. Difusión do Plan de Convivencia.
13. Seguimento e avaliación do Plan de Convivencia.
14. Anexos.

1. XUSTIFICACIÓN

A convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa, e é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

A Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establecen os principios e fins da actividade educativa.

Entre os principios da educación sinalan a transmisión dos valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común, e a participación da comunidade educativa, así como o principio do esforzo compartido que deben realizar o alumnado, as familias, o profesorado, os centros, as administracións, as institucións e a sociedade no seu conxunto como requisito necesario para asegurar unha educación de calidade con equidade.

O artigo 124 da Lei orgánica 2/2006, na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, dispón que os centros educativos elaborarán un plan de convivencia no que se recollan todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, así como a concreción do dereitos e deberes do alumnado e das medidas correctoras aplicables en caso de incumprimento das normas de convivencia, considerando que estas son de obrigado cumprimento.

2. INTRODUCCIÓN

Neste momento ninguén pon en dúbida a necesidade de abordar a convivencia nos centros. A Administración Educativa, prescribe con ese fin a elaboración do plan de convivencia.

O Plan de Convivencia de Centro deberá ser un documento que recolla as medidas necesarias, que articula o propio centro, para o fortalecemento da convivencia, de forma que se mellore o clima que debe presidir as relacións entre os diferentes membros da comunidade educativa e se fomente a prevención e a resolución pacífica de conflitos.

A realización dun Plan de Convivencia de centro debe propiciar cambios nos modelos de organización escolar, nos procesos de ensino-aprendizaxe, nas

pautas de actuación do profesorado, na formación do mesmo e do alumnado, nas relacións coas familias e coa comunidade.

Pretendemos que a elaboración do Plan de Convivencia, lonxe de se converter nunha tarefa burocrática a realizar polo centro, sexa unha oportunidade para propiciar a reflexión conxunta sobre un dos obxectivos máis importantes que ten o sistema educativo actual: ensinar a convivir e ser persoa, desenvolvendo unha competencia tan básica do individuo como é a social e cidadá. Trátase de crear un documento verdadeiramente útil, realista, dinámico e adaptado ás peculiaridades e necesidades do centro, que axude a mellorar o entramado de relacións que en toda comunidade educativa se establecen e a mellorar, en definitiva, a vida social do centro.

Trala realización dun diagnóstico da situación da convivencia no noso centro, é imprescindible que os obxectivos e actuacións que no propio plan se establezan estean en consonancia co contido do Proxecto Educativo de Centro, do cal vai a formar parte, así como que as medidas ou accións que se vaian a desenvolver modifiquen e/ou se inclúan nos diferentes documentos de planificación do centro.

3. MARCO LEGAL DE REFERENCIA

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

4. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A comisión de Convivencia constitúese no seo do Consello Escolar. Ten carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación

do disposto neste plan de convivencia e nas normas de convivencia de cada centro.

4.1. COMPOSICIÓN

En función do establecido no **punto 2 do artigo 6 do Decreto 8/20215**, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, no noso centro está formada polos seguintes integrantes:

- Director/a, que asume a presidencia.
- Xefe/a de estudos.
- Orientador/a.
- Representante do profesorado.
- Representante das familias.
- Representante do persoal de administración e servizos

Na Programación Xeral Anual quedarán reflectidos os compoñentes desta comisión, xa que pode haber cambios dun ano para outro. Por outra banda, a comisión estará aberta á participación do profesorado relacionado co tema que se analice en cada sesión e dos profesionais de sanidade ou dos servizos sociais implicados na mellora da convivencia.

4.2. FUNCIONES

A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

4.3. REUNIÓN

A comisión de convivencia reunirse 3 veces ao ano de forma ordinaria, unha por trimestre (unha delas a principios de cada curso escolar), e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia, ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros. Elaborarase un informe cos temas tratados en cada reunión

5. CARACTERÍSTICAS RELEVANTES DO ENTORNO DO CENTRO.

O CEIP de Barrantes está situado no lugar de Mosteiro s/n, da parroquia de Barrantes, do concello de Tomiño, nunha das zonas do rural de dito concello, a unha distancia duns 5 quilómetros do centro da localidade, que dista poucos quilómetros do país portugués. Recibe alumnos/as das parroquias de Pinzás e de Barrantes. Conta cunha poboación adicada principalmente ao sector primario (explotacións agrícolas de invernadoiros) e o da construción. Nos últimos dous anos, no centro da vila, iniciouse un considerable desenvolvemento dos sectores urbanísticos e comercial e os servizos con que

se conta na zona son moi diversos (culturais, deportivos, asociativos,...). O nivel socio-económico-cultural medio é o predominante. Lingüisticamente trátase dunha área na que principalmente emprégase o galego o que fai que sexa esta a lingua a vehicular da maioría do alumnado, aínda que nos últimos tempos e sobre todo en idades máis temperás esta situación está mudando e o equilibrio entre as dúas linguas oficiais é máis notable.

O modelo de vivenda nesta zona por tradición é a casa unifamiliar con terreo e animais que axudan á economía familiar.

A densidade de poboación non é moi alta debido á situación xeográfica e á baixa oferta de traballo que pode xurdir, inda que dita oferta pode ir mellorando polos viñedos, invernadoiros, construción...

O nivel de estudos acadado polos pais é medio. As expectativas dos alumnos/as ó rematar a educación primaria é continuar no IES, ó que están adscritos, e a maioría rematar a secundaria obrigatoria para poñerse a traballar. Neste apartado nótase un incremento no interese de facer algún estudo superior que lles permita unha maior preparación para o mercado laboral inmediato.

A zona atópase un pouco incomunicada xa que non dispoñen, con frecuencia, dun transporte público que facilite os desprazamentos ao propio concello ou a outros. As relacións do Centro coas Institucións do seu contorno (Concello, ANPA, comunidade de montes...) son positivas e beneficiosas para o Centro e os alumnos/as.

Características da Comunidade Educativa

Profesorado

A maioría do profesorado ten unha media de idade baixa. No momento actual o plantel de profesorado, arredor do 65% é definitivo, algún con expectativas de traslado dado que a súa residencia habitual é lonxe do lugar de traballo. O catálogo de postos de traballo do centro segundo a normativa é o seguinte: 4 de E.I. (un/unha é de apoio), 5 de E.P., 1 de F.I., 1 de F.F., 1 de E.M., 1 de E.F., e 1 de P.T. O plantel actualmente está composto por 3 mestras de Educación Infantil (non contamos coa de apoio), 5 mestres de Educación Primaria (debido ao baixo número de alumnado nalgún curso, hai un mestre menos que tería o perfil de filoloxía francesa), 1 especialista de Lingua Inglesa, 1 de Educación Física, 1 de Educación Musical e 1 de Pedagogía Terapéutica. Tamén contamos cunha especialista de Audición e Linguaxe, 1 Orientadora e 1 de Relixión, as tres compartidas co CEIP Pintor Antonio Fernández de Goián.

Alumnado

O alumnado procede das parroquias do entorno do Centro (Barrantes e Pinzás), empregando a maioría o transporte escolar. Un pequeno número de alumnado, ao que non lle pertence este Centro, procede doutras parroquias ou concellos, pero matricúlanse aquí por diversos motivos. O Centro ao que esta adscrito para continuar os estudos é o IES Antón Alonso Ríos de Tomiño.

Pais/nais

Na maioría das familias o pai é o que traballa, sendo a nai a encargada das labores da casa e do campo aínda que vai aumentando o número de nais traballadoras en empresas da zona.

6. SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

Na actualidade podemos considerar que nos atopamos nun centro con escasa conflitividade e con boas ou aceptables relacións entre os diferentes membros da comunidade educativa. Da análise desta escasa conflitividade podemos separar en dous grupos as condutas conflitivas que podemos atopar nas aulas:

As condutas disruptivas

Entendemos por “disrupción” todo un conxunto de condutas inapropiadas do alumnado dentro das aulas (levantarse a destempo, falar durante as explicacións, non atender nin deixar atender aos compañeiros/as, etc.) con efectos negativos para o desenvolvemento normal das clases. Citamos algunhas destas condutas:

- Chegar tarde á clase
- Faltar á clase
- Tirar cousas pola clase
- Pintar no caderno ou no libro
- Desordenar mobiliario
- Emitir ruídos ou berros na clase
- Saír ou entrar desordenadamente
- Negarse a facer as tarefas de clase.
- Falta de interese, pasividade ou inactividade
- Non traer o material escolar necesario: libros, cadernos, bolígrafo, e roupa e calzado deportivo, no caso da clase de Educación física.
- Falar a destempo.
- Non acatar as ordes do profesorado
- Levantarse do sitio sen permiso

As súas causas, ademais da súa gravidade e intensidade, son:

- Falta de motivación.
- Chamadas de atención de forma global.
- Dificultades de aprendizaxe.
- Escasa colaboración e/ou implicación por parte dos pais: non revisan se traen o material a clase, etc.
- Impulsividade, pouca reflexión.
- Falta dun referente de autoridade.
- Falta de responsabilidade da familia ante o centro en casos puntuais.

As condutas violentas

Nalgúns casos observamos algunhas condutas agresivas, moi pretas da violencia, sen que as persoas que provocan o conflito saiban controlarse.

Nestas condutas prodúcese un dano físico, verbal ou psicolóxico causado a outra persoa de xeito intencionado, nuns casos e instintivo noutros.

Este maltrato pode adoptar diferentes formas:

- Agresión física: atacar fisicamente aos demais (empurrar, golpear ...)
- Agresión verbal: insultos, ameazas, intimidacións, desafíos, malas contestacións ...
- Agresión indirecta: inducir a agredir a un terceiro.
- Agresión social: propagar rumores pexorativos, rexeitamento e exclusión social (ignorar, non deixar participar...)
- Faltarlle ao respecto a algún profesor/a, compañeiro/a

7. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

O plan de convivencia deberá contribuír á consecución dos seguintes obxectivos xerais:

OBXECTIVOS XERAIS	CONCRECIÓN DOS MESMOS
a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.	<ul style="list-style-type: none">• Promover a formación permanente do profesorado en temas relacionados coa convivencia.• Recoller nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF) accións ou propostas de mellora da convivencia nos distintos

	<p>espazos do centro (especial atención aos accesos, patios de recreo, zonas de xogo, servizos etc.), así como nos momentos de maior actividade (entradas, saídas, cambios de clase, recreos etc.).</p>
<p>b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer a existencia das posibles problemáticas relacionais que existen na comunidade educativa (alumnado, familias, profesorado). • Establecer vías de sistematización das actuacións en materia de convivencia que se desenvolven no centro. • Revisión e adaptación dos documentos de organización e de xestión de xeito que favorezan o clima de centro.
<p>c) Fomentar no centro educativo os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula. • Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.
<p>d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo. • Propoñer actuacións que fagan que as aulas e os centros sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia.
<p>e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas. Levar un seguimento das</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Diseñar mecanismos que faciliten a análise das causas e das consecuencias das problemáticas detectadas, así como a prioridade na súa resposta. • Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situacións contrarias á

medidas adoptadas.	convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...).
f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.	<ul style="list-style-type: none"> • Crear, formar e manter un equipo plural de mediación estable no centro, integrado por persoas representantes dos distintos sectores da comunidade.
g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.	<ul style="list-style-type: none"> • Formar os diferentes membros da comunidade educativa en habilidades comunicativas e de relación: a linguaxe asertiva.
h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.	<ul style="list-style-type: none"> • Prever, no plan de convivencia, as propostas de mellora da convivencia desde a perspectiva dos diferentes compoñentes da comunidade escolar (alumnado, profesorado, familias e persoal de administración e servizos). • Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula.
i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.	<ul style="list-style-type: none"> • Establecer as liñas básicas de colaboración e comunicación con outras institucións que contribúan á mellora da convivencia no centro: concello, benestar, sanidade, xustiza, igualdade... e con outras organizacións non oficiais (ONG, fundacións...)

7.1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

A) Para o alumnado:

- Coñecer os aspectos máis importantes do Plan de Convivencia do centro.

- Sensibilizalos para que o seu papel no recoñecemento e control dos conflitos de convivencia no centro sexa activo e colaboren á hora de evitalos. Implicalos na resolución de conflitos a través da comunicación e o consenso.
- Desenvolver habilidades interpersoais de autoprotección e seguridade persoal.

B) Para os mestres/as:

- Coñecer aspectos teóricos básicos da convivencia entre iguais e de relación profesor-alumno.
- Coñecer os aspectos máis importantes do Plan de Convivencia do centro.
- Proporcionar aos alumnos ferramentas prácticas para a detección e resolución de conflitos.
- Implicarse nos procesos de reflexión e acción que axuden a previr conflitos de convivencia no centro.
- Propiciar a toma de decisións por consenso para resolver os conflitos.
- Potenciar o traballo de aspectos relacionados coa convivencia como parte do proceso de ensino-aprendizaxe.

C) Para orientación:

- Orientar ao profesorado do centro para a planificación e valoración de actividades que axuden a previr e a resolver os conflitos dunha forma pacífica e consensuada.
- Colaborar coa Comisión de Convivencia para analizar e resolver os posibles conflitos en busca dun clima adecuado de convivencia no centro.
- Coñecer os aspectos máis importantes do Plan de Convivencia do centro.

D) Para as familias:

- Participar nos procesos de prevención de conflitos.
- Tomar conciencia tanto as nais, como pais e titores da importancia de previr condutas violentas nos seus fillos.
- Colaborar co centro no desenvolvemento do Plan de Convivencia.
- Coñecer os aspectos máis importantes do Plan de Convivencia do centro.

E) Para o Equipo Directivo:

- Establecer contactos con organismos e institucións da contorna para demandar a súa colaboración na resolución dos problemas de convivencia do centro.
- Favorecer unha boa convivencia e a solución dialogada e construtiva dos conflitos implicando nesta tarefa ao profesorado, o alumnado e as familias.
- Establecer canles e procedementos de participación dos distintos compoñentes da comunidade educativa nas actividades do colexio e na xestión da convivencia no mesmo.

- Facilitar ás nais, pais e titores información acerca das características psico- sociais dos seus fillos.
- Promover a colaboración das familias na aplicación do Plan de Convivencia.
- Potenciar a formación de todos os membros da comunidade educativa para que poidan resolver os conflitos de forma tolerante e positiva, a través do diálogo.
- Coñecer os aspectos máis importantes do Plan de Convivencia do centro.

7.2. MEDIDAS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

- de acollida tanto a alumnado como profesorado. especificado.
 - ✓ Remitimos as medidas establecidas no Plan de Acollida do centro.
- de competencia social
 - ✓ Potenciación de rutinas de tipo emocional (saúdos, agradecementos, pedir por favor, ...) nas que se precisen intercambios verbais cos seus compañeiros.
 - ✓ Traballo en pequeno grupo.
 - ✓ Actividades de dinámica de grupos.
 - ✓ Xogos e actividades que fomenten o traballo cooperativo.
 - ✓ Actividades que potencian as habilidades sociais nos alumnos.
 - ✓ Dar oportunidades para tomar decisións entre profesor e alumnado conxuntamente.
 - ✓ Fixación dos seus propios obxectivos e de mecanismos de auto-responsabilización.
 - ✓ Premio e reforzo do esforzo, a participación e a cooperación.
 - ✓ Debates sobre acontecementos da actualidade que axuden a resolver conflitos da clase.
 - ✓ Actividades de animación nas que os alumnos poidan desenvolver unha percepción de si mesmos, realista, vendo as súas capacidades e debilidades en relación ás habilidades necesarias para desenvolverse en situacións académicas, sociais, persoais e de relación cos demais.
 - ✓ Posta en práctica nas actividades de clase de valores de respecto ao compañeiro e ao adversario, nos xogos de oposición, saber gañar e perder.
 - ✓ Reflexión sobre as palabras adecuadas para facer cumpridos, para responder a eles e expresar como senten ao dalos e recibilos.

- ✓ Reflexión acerca da importancia da cooperación á hora de realizar actividades/tarefas.

- do profesorado e orientación.
 - ✓ Priorización de actuacións para todo o curso.
 - ✓ Tratamento conxunto dos problemas de convivencia que se produzan segundo as devanditas prioridades.
 - ✓ Intervención na resolución dos conflitos compartindo información, e analizando conxuntamente as posibles medidas a tomar.
 - ✓ Procura de canles que favorezan o achegamento e a colaboración entre o centro e as familias.
 - ✓ Recepción, por parte dos profesores, de asesoramento e información proporcionada por Orientación sobre técnicas psicopedagóxicas e recursos necesarios para o desenvolvemento do Plan de Convivencia a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

- do equipo directivo e centro
 - ✓ Coordinación xunto, cos titores, das actividades sobre convivencia que afecten as titorías.
 - ✓ Recepción das suxestións dos pais e profesores sobre asuntos relacionados coa convivencia no centro.

- da comisión de convivencia
 - ✓ Mediación nos conflitos e proposición das medidas para tomar.
 - ✓ Proposición de medidas preventivas para garantir os dereitos dos alumnos e para evitar condutas contrarias ás normas de convivencia do centro.
 - ✓ Elaboración, por delegación do Consello Escolar, e sempre que se estime necesario, dun informe sobre a aplicación das normas de convivencia, os problemas tratados nas súas reunións e as medidas para adoptar no seu caso.

- actividade de e coas familias.
 - ✓ Reunión cos pais a principio de curso para informarles sobre o Plan de Convivencia.
 - ✓ Consecución da colaboración dos pais en relación co traballo persoal e de grupo dos seus fillos.

- ✓ Entrevistas persoais familias/mestres, para que conxuntamente se podan anticipar a posibles situacións de inadaptación escolar e problemas de convivencia dos seus fillos e alumnos.
- ✓ Prestar atención ás informacións sobre a conduta dos seus fillos que reciben nos boletíns de notas trimestrais.
- ✓ Colaboración co profesorado e orientación para coñecer mellor aos seus fillos tentando potenciar o diálogo familiar e o intercambio de información que axude a previr e a tratar de maneira adecuada os conflitos, se se producen.

8. NORMAS DE CONVIVENCIA NO CENTRO

As normas de organización e funcionamento do centro docente incluírán as normas de convivencia que garantan o cumprimento do plan de convivencia. Estas normas serán públicas e os centros docentes facilitarán o seu coñecemento por parte de todos os membros da comunidade educativa.

É importante destacar que segundo a *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*, no artigo 11, no exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico. Polo que no exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.

Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*.

As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan

conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación desta lei.

O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

Normas que regulan a convivencia na aula e no centro.

- *Asistencia e puntualidade*
 - Tanto o profesorado como o alumnado cumprirán os horarios establecidos na Programación Xeral do Centro e serán puntuais para non entorpecer o funcionamento da clase e do centro.
 - A asistencia do alumnado é obrigatoria. As faltas de asistencia serán xustificadas por escrito no modelo que se lle entregará ás familias a principio de curso.
No caso de que as faltas de asistencia non debidamente xustificadas superen o 10% do horario lectivo mensual, poderase iniciar un Expediente de Absentismo, tal e como indica o “Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia”.
 - Cando un alumno/a chegue tarde, o adulto que o acompañe deberá cumprimentar un dos impresos (xustificante de saída ou retraso) para o caso, que logo recollerá o mestre/a de garda e fará chegar ao titor/a. En caso de reiteración (3 veces ao mes), o titor/a porase en contacto cos pais, de ser posible persoalmente, para informalos e que as xustifiquen, ademais de reconducir a situación. No caso de que a situación non se reconduza, a xefa de estudos convocará á nai/pai/titor legal do alumno/a a unha entrevista para tratar de reconducir a situación. De continuar co incumprimento da norma citada, a Dirección do Centro tomará as

medidas oportunas previa comparecencia dos pais/nais/titores/as legais.

- O alumnado non poderá saír do colexio durante o horario lectivo sen a oportuna autorización do titor ou mestre especialista e sen a previa solicitude dos seus pais, titores ou persoas as que estes designen, deixando constancia por escrito da recollida do seu fillo/a (modelo normalizado)
- O profesorado anotará diariamente as faltas de puntualidade e asistencia do alumnado. Estas faltas estarán recollidas no expediente individual do alumnado ó remate do mes (XADE).
- *Coidado das instalación e do material escolar*
 - O alumnado traerá diariamente todo o material solicitado polo mestre para a realización das actividades escolares. En caso de faltarlle material comunicárase por escrito á familia a través da Axenda Escolar ou do caderno da materia correspondente. No caso de reiteración (3 veces ao mes) considerarase falta leve, e poderase aplicar a medida correctora correspondente.
 - O alumnado coidará o material propio e dos demais compañeiros.
 - Pedirase permiso aos compañeiros para utilizar o seu material.
 - Coidaranse as instalacións do centro: manter a clase limpa, as mesas ben colocadas, emprego de papeleiras, evítanse as pintadas, raias e danos en cadeiras e mesas, coidaranse as paredes e corredores, cuartos de baño, instalacións e materiais deportivos e equipos informáticos.
 - Se, por negligencia, un alumno deteriora o material ou as instalacións, a súa familia será a responsable de reparar ou aboar o dano causado.
- *Normas de aula e da actividade escolar*
 - Con certa periodicidade os titores e/ou especialistas realizarán asembleas para reflexionar, dinamizar e fomentar as normas de convivencia da aula segundo a súa idade.
 - Nas entradas e saídas, o alumnado subirá ou baixará ordeadamente, atendendo as indicacións dos mestres.
 - Nos desprazamentos dentro do edificio farémolo en silencio e sen molestar aos nenos e nenas que están nas aulas traballando.
 - O alumnado realizará as actividades encomendadas polos profesores no exercicio das súas funcións docentes, así como seguir as súas orientacións e directrices.
 - O alumnado prestará atención nas clases, aproveitando o tempo de traballo e estudo, e realizará as tarefas sen molestar aos compañeiros.

- O alumnado atenderá ás explicacións, preguntará o que non entenda e participará na clase respectando as ideas dos demais.
- Gardarase a debida compostura, silencio e respecto na clase para permitir un desenvolvemento correcto da actividade académica.
- Respectarase a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, evitando calquera discriminación por razón de nacemento, raza, sexo ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
- Tratarase con respecto a todos os membros da comunidade educativa, sen insultar, acosar ou mostrar actitudes de superioridade. O alumnado obedecerá ás indicacións do profesorado e empregarase o diálogo en caso de conflito evitando o uso das agresións físicas ou verbais.
- O alumnado non traerá móbiles, máquinas electrónicas, xoguets ou calquera tipo de obxecto que moleste ou non permita o bo funcionamento da clase. O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e/ou durante a realización de actividades extraescolares ou complementarias, calquera obxecto que poida perturbar o correcto desenvolvemento das actividades docentes. Os obxectos requisados polo profesorado depositaranse na dirección do centro quedando a disposición da familia unha vez rematada a xornada escolar.
- No caso de actividades complementarias, o profesorado solicitará a autorización escrita da familia para poder asistir. O alumnado que non traia a autorización familiar permanecerá no centro a cargo dalgún mestre.
- O alumnado non poderá acudir ao centro nin a ningunha actividade escolar con teléfono móbil nin aparello electrónico que non sexa necesario para o desenvolvemento de calquera actividade.
- O persoal que estea ao coidado do alumnado (profesorado, coidadora, colaboradoras do comedor ...) evitará o uso do teléfono móbil en presenza do alumnado. Se é imprescindible nun momento determinado deberá retirarse fóra da mirada do alumnado.
- O profesorado poderá utilizar o teléfono móbil como ferramenta pedagóxica, se así o estima oportuno. Do mesmo xeito, como cámara fotográfica en determinadas actividades ou festivais, atendendo sempre a normativa vixente sobre o coidado da imaxe persoal do menor.

- *Saúde, hixiene e vestimenta*
 - O alumnado virá ao centro vestido correctamente e debidamente aseado. Non se permitirán aquelas vestimentas que poidan impedir ou dificultar a normal participación do alumnado nas actividades docentes. No caso de reiteración (3 veces ao mes) considerarase falta leve, e poderase aplicar a medida correctora correspondente.
 - Non se permitirán as gorras, capuchas, nas actividades de aula (agás causa xustificada). No caso de reiteración (3 veces ao mes) considerarase falta leve, e poderase aplicar a medida correctora correspondente.
 - Na educación infantil recoméndase que o alumnado empregue roupa o máis cómoda posible para facilitar a súa autonomía.
 - Non se comerá durante a clase agás a autorización explícita do profesorado.
 - En educación física, o alumnado traerá o chándal e calzado deportivo, así coma o material necesario que sexa requirido polos propios especialistas tanto para a actividade deportiva coma para a hixiene persoal. No caso de reiteración (3 veces ao mes) considerarase falta leve, e poderase aplicar a medida correctora correspondente.
 - Recomendarase ás familias que envíen merendas aos seus fillos e que estas favorezan a adquisición de hábitos propios dunha dieta equilibrada.

- *Recreos*

- Nos recreos os alumnos empregarán as zonas do patio asignadas ao seu nivel ou etapa.
- Durante os recreos os alumnos empregarán os baños do comedor ou os da planta baixa en caso de choiva.
- Nos recreos cada mestre terá asignada unha zona de vixilancia.
- Nos recreos non poderán quedar nenos nas aulas sen o consentimento e vixilancia do correspondente mestre.
- Nos recreos non se poderá acceder ás aulas sen a autorización puntual do mestre/a.
- O profesorado non se fará responsable do deterioro, rotura ou perda de calquera xoguete ou obxecto que os alumnos/as traian á escola.

- *Comedor Escolar*

A prestación do servizo de comedor coincidirá co calendario lectivo do alumnado do noso centro.

Sendo o seguinte:

Durante o curso:

- De 14:30h a 15:30h, comida.
 - De 15:30h a 16:00h, recreo.
 - O alumnado non transportado poderá ser recollido a partir das 15:30h previo control dos responsables do alumnado (colaboradoras, encargada, director) e coa firma dunha autorización.
 - O alumnado transportado terá que esperar a que veñan os autobuses a buscalos. Se desexan marchar antes deberá pedir autorización ós responsables do comedor.
 - A partir das 16 h. o alumnado que non foi recollido polos seus pais (agás o que se queda a algunha actividade extraescolar) quedará custodiado polo mestre/a de garda durante un tempo prudencial (20 min). Se se excede ese tempo chamarase á familia, e de non obter resposta poñerase en coñecemento da dirección do centro, que actuará seguindo a normativa vixente (avisar á Policía Local ou Garda Civil).
 - Os vixiantes do comedor son os responsables de manter a orde e vixilancia durante a utilización deste servizo, tratando co debido respecto tanto a alumnado como demais membros da comunidade educativa, velando sempre polo respecto á intimidade e protección do menor.
 - O alumnado non poderá saír do recinto escolar ata que lle conceda o permiso o persoal de vixilancia, coa autorización da encargada do comedor ou do director/a, despois da previa solicitude da familia.
 - Ocuparán as zonas de patio escolar asignadas e non visitarán outras dependencias do centro.
 - O alumnado aprenderá bos hábitos na hora de comer, na hixiene e colaborará coas coidadoras no bo funcionamento deste servizo.
 - O alumnado terá unha actitude correcta, de respecto e tolerancia cara todos os membros da comunidade escolar
 - O alumnado coidará e respectará locais, mobiliarios, enseres e utensilios de uso comunitario.
 - A reiteración no incumprimento das normas anteriores (5 veces por curso escolar) considerarase falta leve.
- *Transporte escolar*
No referente ao transporte escolar, o alumnado deberá saír de forma ordenada, para coller o autobús. O alumnado de E.P. esperará a que

suba ao autobús o alumnado de E.I. e seguirán as indicacións da coidadora do autobús. A dirección do centro axudará en calquera incidencia que soliciten os encargados do transporte, deixando a organización do mesmo á empresa adxudicataria unha vez que o alumnado saia do recinto escolar.

No referente as actuacións disciplinarias no transporte escolar actuarase en coordinación coas coidadoras das distintas liñas. Para favorecer o control das faltas de disciplina establecerase as seguintes medidas.

- Levarase un diario de notificacións de incidencias semanais, anotándose aquelas faltas que alteren de forma considerable a seguridade e disciplina dentro do autobús.
- No momento que as coidadoras reflectan no rexistro semanal dúas notificacións dun mesmo alumno/a, informarán á dirección do centro. A dirección informará por escrito ou telefonicamente (asinando a notificación polo alumno/a) ás familias de que volvéndose a repetir algunha incidencia máis do alumno/a tomarase como primeira medida a expulsión por un día do uso e goce do transporte escolar.
- Se volvese a incidir de forma reiterada nas faltas de disciplina suspenderase progresivamente do uso do servizo de transporte: durante tres días, unha semana e quince días.
- Se continuase as faltas de disciplina se enviaría un escrito a Xefatura territorial de educación solicitando a expulsión do alumno/a do uso do transporte de maneira definitiva.

8.1. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS E PROGRAMAS QUE SE VAN DESENVOLVER.

Dende a Consellería de Cultura, Educación e O. U. poténciase a realización de proxectos de innovación e investigación educativa relacionados coa mellora da convivencia escolar e divulga aqueles que, pola súa calidade e aplicabilidade, son considerados de interese para os centros, e poñeraos, de ser o caso, á disposición dos membros da comunidade educativa no seu portal educativo.

O centro educativo dispón de materiais e recursos didácticos que permiten a potenciación dos valores da cultura da paz, a prevención da violencia, a sensibilización na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social, a educación emocional, a mellora da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.

A organización do centro e das aulas, e a organización e coordinación docente teñen como un dos seus fins a convivencia pacífica no centro educativo.

Traballarase na prevención de condutas contrarias á convivencia a través da educación emocional e en valores, incluíndo a difusión de normas.

Realizaranse diferentes campañas de sensibilización contra o acoso escolar, para previlo, detectalo e reaccionar fronte a este.

8.2. DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.

c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.

d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa* .

e) Á liberdade de expresión sen prexuízo dos dereitos doutros membros da comunidade educativa e o respecto que merecen persoas e institucións.

f) A manifesta-la súa discrepancia respecto a decisións educativas que lles afecten.

2. Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.

b) Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.

c) Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

d) Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.

e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.

- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

8.3. DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO

1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A formular suxestións, propostas, peticións ou queixas diante dos órganos de goberno do centro.
- d) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- e) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- f) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- g) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*.
- h) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

2. Son deberes do profesorado:

- a) Asistencia con puntualidade ás clases e a tódalas actividades académicas. As ausencias comunicaranse previamente ó/á Xefe/a de Estudos, e de non poder prevelas, notificaranse o antes posible con fin de poder organizar a substitución pertinente.

b) De comunicar ao Equipo Directivo calquera actividade que implique a modificación do horario escolar establecido e realizala sempre coa autorización deste , así como non saír do centro escolar co alumnado sen previa autorización da dirección do centro.

c) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

d) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

e) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

f) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle imponha a normativa aplicable.

g) Informar aos responsables do centro docente das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

h) A cumprir calquera outra función que lle sexa encomendada na normativa vixente.

8.4. DEREITOS E DEBERES DOS PAIS/NAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO

1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.

b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.

c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.

d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:

a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.

b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.

c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.

d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

e) Comunicar e xustificar as faltas de asistencia.

8.5. DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS.

1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.

d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.

e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*.

2. Son deberes do persoal de administración e de servizos:

a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

c) Informar aos responsables do centro docente das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

d) Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

9. PROTOCOLOS DE ACTUACIÓNS

As actuacións teñen que ver fundamentalmente co fomento da convivencia en todos os sectores da Comunidade Educativa, coa adquisición de valores democráticos e coa prevención de comportamentos que poidan alterar o discorrer normal da vida do Centro. Polo que, unha vez expostos os dereitos e deberes de todos os compoñentes da comunidade escolar, faise necesario establecer as pautas de comportamento que son consideradas coma normas así coma as posibles condutas contrarias a ditas normas.

Á hora de impoñer unha medida correctora haberá que determinar se esta é grave ou leve, seleccionárase polo órgano competente a medida máis axeitada segundo o establecido, e os/as profesionais correspondentes cubrirán o correspondente informe. (ver anexos).

Como complemento das medidas correctoras, o departamento de orientación de cada centro docente elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

Este programa aplicarase en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo

Principios xerais das medidas correctoras

Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter carácter educativo e recuperador.
- b) Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.
- c) Contribuír a que a alumna ou o alumno corrixida/o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.
- d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida. O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar.
- e) Nos casos en que fose necesario, realizarase a oportuna asistencia e orientación psicopedagóxica ás vítimas e ás persoas agresoras.
- f) Garantíraselle ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, e deberá primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións. Esta protección garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso.
- g) O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido.
- h) Ningunha alumna ou alumno poderá ser privada/o do exercicio do seu dereito á educación nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.
- i) Non poderán imporse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
- j) As persoas proxenitoras ou representantes legais do alumnado deberán ter puntual información sobre as correccións de condutas que lles afecten, nos termos previstos neste decreto e nas normas de organización e funcionamento do centro educativo.

9.1. ACTUACIONES, PERSOAS RESPONSABLES, PERSOAS DESTINATARIAS E PROCEDIMENTOS A SEGUIR PARA O SEU DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN

Nos puntos seguintes reflectiranse as diferentes actuacións que se levarán a cabo nos distintos protocolos que se poden poñer en marcha para resolver calquera conduta contraria á convivencia, así como as persoas responsables, destinatarias e o desenvolvemento do proceso corrector.

No exercicio das funcións de corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia reguladas no artigo 38 do *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*, deberán formalizarse por escrito, logo da tramitación dos procedementos de corrección regulados no capítulo IV do Decreto citado.

O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade de acordo co establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa.

A incoación do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que puidesen corresponder e o nome da persoa docente instrutora. Así mesmo, comunicarase á Inspección Educativa.

A non comparecencia sen causa xustificada das persoas proxenitoras ou representantes legais dos alumnos/as, ou ben a negativa a non recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección.

As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores legais do alumnado menor de idade nos procedementos regulados no capítulo IV do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro son obrigatorias para elas e eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

A resolución do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase igualmente á Inspección Educativa.

9.2. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

A finalidade desta aula é substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible.

A aula de convivencia inclusiva estará atendida polo profesorado de garda coa colaboración do departamento de orientación.

Dende o DO programaranse unha serie de actuacións encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.

A aula de convivencia funcionará de 9:30 a 14:30.

Elaborarase material para dita aula adaptado a tódolos niveis contando coa colaboración do profesorado

A localización de dita aula, dado o escaso espazo co que contamos no centro, ten que ser un espazo variable, non fixo, e dependerá en cada momento da liberación da que se dispoña, podendo ser a aula de audiovisuais, aula de plástica ou a parte de atrás da aula de Audición e Linguaxe.

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras.

9.3. PROTOCOLO OU PROGRAMA DE MEDIACIÓN

No artigo 26 do Decreto 8/2015 defínese a mediación como unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos, na que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.

A mediación non substitúe o conxunto de normas que elabora un centro escolar a través do seu plan de convivencia, pero si é un método construtivo para a resolución pacífica de conflitos:

– Como unha medida previa naqueles conflitos para os que as normas de convivencia no centro educativo prevexan algún tipo de sanción, xa que as diferentes accións que a mediación pon en marcha poden favorecer a aprendizaxe das habilidades sociais necesarias para mellorar a convivencia.

– Como unha medida para a resolución daqueles conflitos nos que non se produce unha transgresión a ningunha norma de convivencia do centro, pero nos que a mediación ofrece a posibilidade de abordalos de forma pacífica e dialogada.

– Como unha medida posterior, reparadora, en casos de disfuncións á convivencia, abordados segundo o previsto na normativa, pero nos que ademais das medidas que o centro educativo adopte, a mediación preséntase como unha oportunidade de reconstrución, reconciliación e resolución.

No artigo 6.4.e) do Decreto 8/2015, no que respecta ás funcións que a comisión de convivencia exerce por delegación do consello escolar, aparece a de “Propoñerlle, de ser o caso, ao director do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación”.

No artigo 8.2.b) desta mesma norma indícase dentro das funcións do equipo directivo a de “garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas disciplinarias e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen no decreto” e no 13 artigo 8.4.c), nas funcións do xefe de estudos, a de “promover o exercicio da mediación que se leve a cabo no centro”.

A mediación non pode impoñerse, acódesse a ela voluntariamente, tanto para as partes implicadas no conflito, como para a persoa mediadora. Estas acóllense libremente á elección ou non da mediación, e poden renunciar a ela en calquera momento do proceso.

A mediación é un proceso de comunicación en liberdade ante unha terceira persoa, que realiza o papel de mediador ou mediadora, e que garantirá que as partes se comuniquen desde o respecto e busquen as solucións aos seus conflitos.

A persoa mediadora non é a responsable da resolución, senón que dinamiza o proceso, axuda as partes en conflito para que busquen, atopen e adopten unha solución positiva para ambas.

A persoa mediadora non xulga nin arbitra, marca as regras do xogo e emprega técnicas que axuden a que as diferentes partes en conflito verbalicen os seus problemas, sentimentos, emocións, posicións, intereses e necesidades, e que pacten unha minuciosamente o cumprimento das normas no proceso, pero nunca alteralo.

Son facilitadoras do diálogo, de restablecer o proceso de comunicación e de conseguir o acordo entre as partes

Para implantar o PROGRAMA DE MEDIACIÓN elaborárase un protocolo de actuación que será presentado ao claustro e aprobado polo Consello Escolar.

O programa de mediación establecerá os seguintes elementos:

- Constitución do equipo coordinador e/ou mediador.
- Definición de recursos e condicións.
- Deseño básico do programa. Proceso e efectos da mediación.
- Inserción do programa no plan de convivencia.
- Sensibilización e difusión.

- Actuacións formativas.
- Posta en marcha do programa.
- Avaliación do programa.

9.4. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E MEDIDAS CORRECTORAS

As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:

- a) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
- b) Condutas leves contrarias á convivencia.

Para a gradación das medidas correctoras tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

<u>CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA Á CONVIVENCIA</u>
Agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
Actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
Actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
Gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou

informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
Actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
Suplantación da personalidade en actos da vida docente e falsificación, alteración ou substracción de documentos académicos
Danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa substracción
Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar
As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas
Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refre o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado
A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia
O incumprimento das sancións impostas.

MEDIDAS CORRECTORAS
a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro
b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
c) Cambio de grupo
d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso

formativo.
e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
f) Cambio de centro

Aplicación das medidas correctoras.

A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, imporá as correccións enumeradas anteriormente, de conformidade cos procedementos previstos (conciliado ou común) no capítulo IV do título III do Decreto 8/2015 do 30 de xuño.

Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA
a) Condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os datos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto
b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.
c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.
d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.
e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de

convivencia de cada centro docente.

MEDIDAS CORRECTORAS

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Aplicación das medidas correctoras

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

- a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 43 deste decreto.
- b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 43 deste decreto.
- c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 43 deste decreto.

d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto. A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

Prescrición de condutas e de correccións

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes, tipificadas neste plan, prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

2. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.

3. En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.

4. As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

9.5. ACOSO ESCOLAR

Para os efectos da Lei 4/2011, do 4 de xuño, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

“É imprescindible diferenciar claramente outro tipo de manifestacións violentas (sen continuidade no tempo, sen inferioridade dalgunhas das persoas participantes,...) dos casos de verdadeiro acoso escolar. As situacións de acoso veñen definidas pola coincidencia simultánea de :

- evidente intención de facer dano.
- condutas agresivas reiteradas.
- desequilibrio de forzas entre a persoa ou persoas acosadoras e a vítima.

Non debemos esquecer tampouco que calquera membro da comunidade educativa ten a obriga de poñer en coñecemento do equipo directivo do centro

a posible existencia de indicios razoables dunha situación desta índole. A partir desta detección hai que realizar unha recollida de información e contraste da mesma, que permita tomar a decisión máis axeitada a cada caso concreto.”

A dirección do centro docente, así como a Administración educativa, adoptarán as medidas precisas para garantir ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección integral da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.

A protección da vítima garantírase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

3 Protocolo de actuación ante un posible acoso escolar

1. Comunicación do acoso escolar por parte dalgunha persoa da comunidade educativa ante:

- Un profesor/a.
- O titor/a
- O Equipo Directivo
- O Departamento de Orientación escolar.

Estas persoas comunicarán a Dirección do centro a sospeita de acoso escolar.

2. A dirección do colexio ou persoa na que delegue deberá

- Solicitar o servizo de asesoramento do Departamento de Orientación Escolar.
- Realizar as actuacións de urxencia necesarias para previr danos inmediatos.
- Realizar entrevistas e cuestionarios co alumnado implicado.
- Realizar entrevistas co profesorado para contrastar as informacións recibidas.
- Convocar ó Equipo Docente e a Comisión de Convivencia para consensuar as medidas adoptadas ante o acoso escolar
- Informar ás familias do alumnado implicado segundo os rexistros de conduta e convivencia que figuran neste plan de convivencia.

3. Comunicación por parte da Dirección do centro ás autoridades educativas e sociais.

“ As situacións de acoso escolar que se detecten serán comunicadas á inspección educativa, xunto coas medidas que se adopten para poñer fin a elas. No caso de condutas de especial gravidade, informarase da situación e das medidas aos servizos sociais do correspondente concello, aos servizos especializados do departamento competente en materia de benestar e, se é o caso, á Fiscalía de Menores para facilitar as medidas que lles corresponda adoptar nos seus respectivos ámbitos competenciais.” (Lei 4, 2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa).

4. En caso de haber acoso traballar en dúas direccións

- Coa vítima:

- escoitar a súa versión.
- Crear redes de apoio (outros compañeiros, profesorado, familiares)
- Prestar apoio persoal a fin de aumentar os aspectos que se consideran que están afectados (por exemplo autoestima, asertividade, habilidades sociais, etc).
- Vixilancia específica dos acosados/as e acosadores/as.
- Pautas de autoprotección.
- Cos agresores:
 - escoitar a súa versión. Dialogar e chegar a compromisos.
 - Entrevistarse coas familias para facer o seguimento fora do horario escolar..
 - Realizar actividades grupais nas que se traballen valores (habilidades sociais, empatía).
 - Adoptar as medidas correctoras previstas no Plan de Convivencia:
 1. Petición de desculpas de forma oral e/ou por escrito.
 2. Participación nun proceso de mediación.
 3. Realización de traballos específicos en horario non lectivo relacionados co dano causado con autorización familiar.
 4. Solicitar a colaboración familiar para a vixilancia e control dos seus fillos/as.
 5. Realización de tarefas relacionadas coa mellora da convivencia no centro.
 6. Implicación en tarefas socioeducativas.
 7. Proposta de participación en cursos ou programas de HHSS con autorización familiar fora do horario lectivo.
 8. Amoestación privada do Titor/a.
 9. Amoestación privada por Xefatura de Estudos.
 10. Comparecencia ante a Xefatura de Estudos de forma puntual ou periódica.
 11. Cambio de grupo do agresor/a ou agresores/as, se fose preciso.
 12. Suspensión do dereito a participar en actividades complementarias e extraescolares.
 13. Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo de tres días.
 14. Apertura de expediente disciplinario

9.6. ABSENTISMO DO ALUMNADO

O control da asistencia a clase do alumnado deberá realizarse diariamente por parte do titor/a, quen rexistrará as posibles ausencias. A xustificación das faltas de asistencia a clase do alumnado realizarase ante o profesorado titor e por parte da nai, do pai ou das persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado. As faltas de asistencia deberán de ser xustificadas dunha das seguintes formas:

- Xustificación médica
- Xustificación por parte do pai ou nai ou responsable legal do menor.

Cando un alumno sume 3 faltas mensuais de asistencia non xustificadas (ou con dificultades para a súa xustificación ou con ausencia de motivos suficientes), o titor procederá a citar á familia con fin de tratar o asunto. Se a situación se corrixe evitaríase así a apertura dun expediente de absentismo.

Se a situación non se reconduce comunicárase á Xefatura de Estudos e co visto e prace da Dirección do centro poderase abrir un expediente de absentismo, tal e como regula o “Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.”

- Primeiramente será o titor/a o que convoque a familia para solventar o asunto e levantará acta da reunión. De dar solución á situación, paralizarase o proceso e arquivarase o expediente.
- De non reconducirse a situación, será a Xefatura de Estudos a que convoque a familia para expoñer a situación, e levantará acta da reunión. De dar solución á situación, paralizarase o proceso e arquivarase o expediente.
- De non producirse o arquivo do expediente nalgunha das actuacións anteriores, a dirección do centro educativo notificarao ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente e ao Concello de residencia da alumna ou do alumno, xunto coa listaxe de faltas de asistencia a clase non xustificadas e o rexistro de cumprimento das actuacións e dos prazos nas que se desenvolveron.

As comunicacións ás familias en calquera dos puntos nos que se encontre o expediente de absentismo serán comunicadas mediante os ANEXOS que figuran neste Plan de Convivencia.

10. COORDINACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.

O Equipo Directivo e o resto do profesorado fomentaremos un clima positivo de traballo, enriquecedor e no que a boa convivencia sexa un dos piares básicos. O traballo ten que ser coordinado entre todas as persoas implicadas nel. A Comisión de Convivencia estará presente nos momentos non que sexa necesario e sempre atendendo á normativa vixente para dar solución ás posibles problemáticas que poidan xurdir.

Seguirase a participar como ata o de agora en actividades intercentros, ben organizadas polos centros educativos do concello ou ben por outras institucións, a través de xornadas de convivencia (deportivas, na natureza, no concello, ...) nas que os valores de respecto, tolerancia ... sempre son os piares básicos.

11. PLAN DE FORMACIÓN

Dende a Xefatura de Estudos potenciarase a formación do profesorado en materia de convivencia.

Ademais da formación individual que o profesorado fai título persoal, dende o centro proporase a participación en programas de convivencia que se desenvolvan dende diferentes institucións (asociacións privadas, Concello, Consellería, corpos e forzas de seguridade ...)

Ademais, e segundo as necesidades que se poidan detectar en momentos determinados e sobre todo atendendo á memoria anual do Plan de Convivencia ofrecerase a posibilidade de creación dun grupo de traballo de cara ao seguinte curso escolar coa finalidade de formarse nos aspectos que se consideren máis oportunos nese momento.

12. DIFUSIÓN DO PLAN

O plan de convivencia do centro, unha vez aprobado polo consello escolar, debe ser coñecido e asumido por todos os membros da comunidade educativa e polos sectores do contorno que poidan ser interesados.

O equipo directivo do centro levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade educativa. Así mesmo, levará a cabo as actuacións necesarias para difundir as normas de organización e funcionamento do centro e as normas de convivencia na comunidade educativa.

A comisión de convivencia garantirá esta difusión, considerando entre as posibles canles para isto as seguintes:

- Consello escolar.
- Titorías de nais/pais, sobre todo nas reunións de principio de curso.
- Reunións específicas con representantes das institucións ou organismos públicos ou privados dedicados á cultura no contorno do centro educativo.
- ANPA do centro ou dos centros educativos do contorno.

Os medios para levar a cabo esta difusión poderían ser:

- Reunións informativas, comunicacións escritas, sesións de traballo tutorial, asembleas...
- Folletos, trípticos.
- Exposición nos lugares oportunos do centro: paneis informativos, carteis...
- Blogs, páxinas web.
- Foros, campañas, inclusión na revista do centro, entrevistas.
- Foros municipais, institucionais, de asociacións e entidades.

Os momentos clave para facer esta difusión son:

- Ao inicio do curso: deberase informar da concreción anual do plan de convivencia para o curso e dalgún punto importante estable deste (punto de partida, obxectivos e plan que se vai seguir).
- Ao longo do curso: cando se dispoña de nova información, información dos avances, novos acordos...
- Ao final do curso: resumo do elaborado, implicacións, propostas de mellora, compromisos e plan para o seguinte curso.
- Todos aqueles momentos, formais e informais, da vida cotiá do centro nos que o coñecemento do que se está facendo ofrece información relevante para a toma de decisións, proposta de actividades... e para reforzar a implicación das persoas no proceso e impulsar novas incorporacións (titorías, asembleas de grupo, de curso, reunións cos distintos estamentos...).

13. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN.

O centro educativo establecerá os mecanismos e indicadores para o seguimento e avaliación do plan de convivencia.

Coñecer de cerca a posta en práctica do plan de convivencia permitirá detectar os desaxustes ou dificultades e, con isto, poder corríxilos no momento en que se produzan, garantindo así o seu correcto desenvolvemento.

A comisión de convivencia terá a tarefa de facer un seguimento periódico e sistemático deste e, xa que na súa composición están representados todos os sectores da comunidade educativa, serán os seus membros os encargados de recoller a información de cada un dos seus estamentos para a súa análise, valoración e propostas de realizar os axustes necesarios de xeito inmediato.

Partindo dos indicadores de logro propostos na concreción das actuacións que se van desenvolver e tendo en conta todo o proceso, elaboraranse as ferramentas necesarias para a observación e recollida da información necesaria para a súa avaliación, é dicir, valorar o grao de consecución dos obxectivos propostos.

Trátase de sistematizar a recollida e devolución da información para estar sempre cerca das necesidades das persoas e da realidade do centro.

Para avaliar o plan de convivencia tómanse como referente as actuacións marcadas.

Cada unha delas debe ter diferentes responsables (individualmente, equipos formado para este fin, comisión de convivencia...) e uns prazos para facelo.

Nesta avaliación deberemos ter en conta diferentes fontes de información:

documentos, rexistros, informes, medios materiais, recursos humanos... (proprios ou alleos ao noso alcance), os instrumentos necesarios que faciliten a súa sistematización. Rematados os prazos, analízase o grao de consecución.

Como norma xeral, a avaliación debe ser continua e procesual, debe ser realizada de forma integradora, complementaria, coordinada e conxunta cos procesos de avaliación das aprendizaxes do alumnado. Pode propoñerse unha avaliación logo de cada actuación desenvolvida no plan. Ademais, a comisión de convivencia deberá facer unha avaliación trimestral do plan e ao final do curso elaborará unha memoria anual deste.

Os responsables desta avaliación serán, en primeiro lugar, a comisión de convivencia, o equipo directivo e o consello escolar, coa participación de todos os sectores da comunidade educativa.

Entre os ámbitos e criterios desta avaliación podemos destacar:

- En relación co contorno social: relacións centro educativo-institucións do contorno; relacións familia-institucións do contorno; oferta de formación e ocio das institucións do contorno; plans de mellora da convivencia social...
- En relación co contorno familiar: relacións centros-familias; canles de comunicación e de información; participación das familias; espazos e tempos dedicados á relación; estilos educativos das familias; formación das familias...
- En relación co contorno escolar: espazos, instalacións e mobiliario do centro; clima de convivencia no centro, nas aulas, nos recreos, cambios de clase...; normas de convivencia do centro e da aula; relacións entre os membros da comunidade educativa; medidas para previr conflitos e formas de resolución; resposta educativa á diversidade...

O equipo directivo garantizará a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.

Logo da avaliación do plan de convivencia e en vista dos resultados acadados, o equipo directivo, xunto coa comisión de convivencia, arbitrará un procedemento para que os demais estamentos do centro (claustro de profesores, ANPA...) realicen as propostas de mellora que consideren pertinentes para incluír na memoria final.

A comisión de convivencia, ao final de cada curso, elaborará a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias.

O consello escolar en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia, aprobará ao final de cada curso escolar a memoria do plan de convivencia elaborada pola comisión de convivencia. Esta memoria formará parte da

memoria anual do centro.

É conveniente que o centro educativo, ao comezo de cada curso escolar, revise o seu plan de convivencia co obxecto de analizar a evolución do estado da convivencia no centro e incorporar ao plan, e sobre todo á súa concreción anual, as propostas de mellora recollidas na memoria do curso anterior.

1. - Este Plan de Convivencia foi aprobado polo Consello Escolar o día 4 de abril de 2017.

2. - Faise constar que calquera lei ou normativa de superior rango que contradiga nalgún artigo ou apartado ao redactado neste Plan invalida automaticamente o articulado afectado deste Plan de Convivencia.

Vº e Prace
O Director

A Secretaria

Iván Núñez Sanjurjo

Lydia Arnoso Moure

ANEXOS



MODELO DE INFORMACIÓN E REXISTRO DE CONDUTAS DISRUPTIVAS

Nome:

Apelidos:

Curso:

DÍA	HORA	OBSERVACIÓNS

Barrantes, de de 20

Asdo: Pai/Nai/titor legal



PARTE DE CONDUCTA GRAVE DA CONVIVENCIA ESCOLAR

D./Dna: mestre/a
do alumno/a: de
curso de Educación

Comunica á Dirección a seguinte conduta perturbadora:

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

Barrantes, ____ de _____ de 20

Mestre/a

Director/a

Asdo:

Asdo:



INFORMACIÓN Á FAMILIA DO EXPEDIENTE DICIPLINARIO

D./D^a.....Con D.N.I:..... en
calidade de do alumno/a:.....
escolarizado en..... de Educaciónfun **informado/a** do
REXISTRO DE CONDUTA E CONVIVENCIA que realizou a Xefa de Estudos
e/ou a Dirección do centro.

Unha vez informado/a manifesto a:
CONFORMIDADE co informado no REXISTRO DE CONDUTA E
CONVIVENCIA e o compromiso a colaborar co profesorado para mellorar a
conduta do meu fillo.

NON CONFORMIDADE co informado do REXISTRO DE CONDUTA E
CONVIVENCIA e non me comprometo a colaborar co profesorado para
mellorar a conduta do meu fillo.

E para que conste a efectos oportunos

Barrantes, a de..... de 20

Asdo: O pai/nai/titor legal



EXPEDIENTE DISCIPLINARIO

ALUMNO/A:	DATA :
TITOR/A:	CURSO:

Unha vez recibida a solicitude da Dirección do centro iniciouse o procedemento de expediente disciplinario regulado na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa".

1. CONTEXTUALIZACIÓN DA CONDUCTA DO ALUMNO.

Situación do alumno/a antes do problema sucedido.

2. A CONDUCTA – PROBLEMA

¿Que fixo ou dixo o alumno/a?

3. CONSECUENCIAS

¿ Que fas ou dis nese instante e que pasou despois?

4. COMPROMISO DE MELLORA NA CONDUCTA E NA CONVIVENCIA.

Realizar correccións que reparen o dano causado e nos comprometan a mellorar a conduta problema.

E para que conste a efectos oportuno

Barrantes, a dede 20

O/A Director/a

A persoa instructora

Asdo.:

Asdo..



COMPROMISO DE MELLORA

O alumno/a.....
do curso..... e con data de.....

COMPROMÉTOME

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

E para que quede constancia diante da miña familia, profesorado e compañeiros/as

En Barrantes a de de 20....

Asdo:



CONVOCATORIA DE REUNIÓN

Don e dona
.....

(Nome e apelidos do pai, da nai ou das persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno),

Como profesor/a titor/a da alumna/o, á vista do número de faltas de asistencia a clase que presenta a referida alumna ou alumno, convócoos a unha reunión para:

1. Analizar a situación que se está a producir polas citadas faltas de asistencia a clase.
2. Buscar unha solución a esa situación e evitar, de ser o caso, que se abra o expediente de absentismo.

A reunión terá lugar nas dependencias do centro educativo, o día de de, de a horas.

Barrantes, de de 20

O/A profesor/a titor/a,

Vº e praxe,
O/A director/a,

.....

.....



**ACTA DA REUNIÓN ENTRE O PROFESORADO TITOR DE
..... E O SEU PAI E A SÚA NAI**
(de seren as persoas titoras legais ou gardadoras, indicalo)

Lugar:(nome do centro e espazo onde se celebra)

Data: de de

Hora de comezo:

Hora de remate:

PERSOAS ASISTENTES:

(Indicar nome e apelidos e a relación co alumno ou coa alumna)

De ser o caso:

- Non comparencia da persoa ou das persoas convocadas polo profesorado titor.

ORDE DO DÍA:

1. Analizar a situación que se está a producir polas citadas faltas de asistencia a clase.
2. Buscar unha solución a esa situación e evitar, de ser o caso, que se abra o expediente de absentismo.

DELIBERACIÓNS:

1. Analizar a situación que se está a producir polas citadas faltas de asistencia a clase.
2. Buscar unha solución a esa situación e evitar, de ser o caso, que se abra o expediente de absentismo.

ACORDOS:

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión e redáctase esta acta.

O profesor/a, titor/a

Asdo:



INICIO DO EXPEDIENTE DE ABSENTISMO

D./Dna:
profesor/a titor/a da alumna ou do alumno

INFORMO:

1. Que no mes de de a alumna ou o alumno acumulou un número de faltas de asistencia a clase sen xustificar superior ao dez por cento (10 %) do horario lectivo dese mes.
2. Que con anterioridade á superación dese dez por cento (10 %) do horario lectivo do mes de de, e á vista das reiteradas faltas de asistencia a clase que presentaba a alumna ou o alumno indicado, este/a profesor/a titor/a convocou o pai e a nai (de seren outras persoas, indicalo) da alumna ou do alumno a unha reunión, que se celebrou o día de de (Achéganse copias da convocatoria e da acta desa reunión)

Logo do informado, e segundo se establece no protocolo de absentismo,

PROPOÑO:

Iniciar un expediente de absentismo á alumna ou ao alumno
....., informando deste feito á xefatura de estudos e dando continuidade ás actuacións previstas no protocolo de absentismo.

Barrantes, de de 20

O/A profesor/a titor/a,

Vº e prace,
O/A director/a,

.....

.....



REXISTRO DE CONTACTOS DO CENTRO ESCOLAR

D./Dna:
xefa ou xefe de estudos do centro, á vista do número de faltas de asistencia a clase e do expediente de absentismo iniciado á alumna ou ao alumno
e segundo se establece no protocolo de absentismo,

FAGO CONSTAR:

Que desde o centro educativo mantivéronse os seguintes contactos coa nai, co pai ou coas persoas titoras legais ou gardadoras da citada alumna ou do citado alumno:

- Convocatoria, por parte do profesorado titor, dunha reunión coa nai, co pai ou coas persoas titoras legais ou gardadoras. Achégase copia da convocatoria.
- Reunión do profesorado titor coa nai, co pai ou coas persoas titoras legais ou gardadoras. Achégase copia da acta.
- Convocatoria, por parte do profesorado titor, dunha reunión coa nai, co pai ou coas persoas titoras legais ou gardadoras unha vez iniciado o expediente de absentismo. Achégase copia da convocatoria.
- Reunión do profesorado titor coa nai, co pai ou coas persoas titoras legais ou gardadoras unha vez iniciado o expediente de absentismo. Achégase copia da acta.
- Convocatoria, por parte da xefatura de estudos, dunha reunión coa nai, co pai ou coas persoas titoras legais ou gardadoras. Achégase copia da convocatoria.
- Reunión da xefatura de estudos coa nai, co pai ou coas persoas titoras legais ou gardadoras. Achégase copia da acta.

OUTROS CONTACTOS				
DATA	MOTIVO	FORMA DE CONTACTO	PERSOA QUE INTERVIU	CONCLUSIÓNS

Barrantes, de de 20

A/O Xefe/a de Estudos

Asdo:



CONVOCATORIA DE REUNIÓN

Don e dona

(Nome e apelidos do pai, da nai ou das persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno)

Como profesor/a titor/a da alumna/o

..... (nome e apelidos da alumna ou do alumno), verificado que o número de faltas de asistencia a clase sen xustificar da citada alumna ou alumno durante o mes de superou o dez por cento (10 %) do horario lectivo dese mes e segundo se establece no protocolo de absentismo, convócoos a unha reunión para:

1. Informalos da apertura dun expediente de absentismo á alumna ou ao alumno
2. Analizar a situación que están a causar as faltas de asistencia a clase sen xustificar.
3. Tratar de buscar unha solución que permita a paralización e arquivo do expediente de absentismo.

A reunión terá lugar nas dependencias do centro educativo, o día de de, de a horas.

Barrantes, de de 20

O/A profesor/a, titor/a

Vº e prace,

O/A Director/a

.....

.....



**ACTA DA REUNIÓN ENTRE O PROFESORADO TITOR DE E
O SEU PAI E A SÚA NAI (de seren as persoas titoras legais ou gardadoras, indicalo)**

Lugar: (nome do centro e espazo onde se celebra)

Data: de de

Hora de comezo:

Hora de remate:

PERSOAS ASISTENTES:

De ser o caso:

- Non comparecencia da persoa ou das persoas convocadas polo profesorado titor.

ORDE DO DÍA:

1. Informalos da apertura dun expediente de absentismo á alumna ou ao alumno
2. Analizar a situación que están a causar as faltas de asistencia a clase sen xustificar.
3. Tratar de buscar unha solución que permita a paralización e arquivo do expediente de absentismo.

DELIBERACIÓNS:

1. Informalos da apertura dun expediente de absentismo á alumna ou ao alumno
2. Analizar a situación que están a causar as faltas de asistencia a clase sen xustificar.
3. Tratar de buscar unha solución que permita a paralización e arquivo do expediente de absentismo.

DECISIÓN ADOPTADA:

Desenvolvidos os puntos da orde do día, como se recolle nas deliberacións, resólvese:

- Paralizar e archivar o expediente de absentismo, dado o compromiso do pai e/ou da nai (de seren as persoas titoras legais ou gardadoras, indicalo) de evitar as faltas de asistencia a clase sen xustificar do seu fillo ou da súa filla (se fose outra a relación, indicalo).
- Continuar co expediente de absentismo, comunicando o tratado e resolto nesta reunión á xefatura de estudos do centro educativo, por parte do profesor/a titor/a, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión e redáctase esta acta, da que se facilitará copia á xefatura de estudos do centro educativo.

O/A profesor/a titor/a,

.....



CONVOCATORIA DE REUNIÓN

Done dona

(Nome e apelidos do pai, da nai ou das persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno)

Como xefa ou xefe de estudos do centro, tendo coñecemento da apertura dun expediente de absentismo á alumna ou ao alumno e sendo informada/o, por parte do profesorado titor, de que non se acadou unha solución que permitise a paralización e arquivo dese expediente na reunión celebrada con vostedes o día de de, e segundo se establece no protocolo de absentismo, convócoos a unha reunión para:

- 1. Analizar o estado do expediente de absentismo aberto á alumna ou ao alumno e informalos do proceso que se seguirá de non acadar un acordo que permita a súa paralización.
2. Tratar de buscar unha solución que permita a paralización e arquivo do citado expediente de absentismo.

A reunión terá lugar nas dependencias do centro educativo, o día de de, de a horas.

Barrantes, de de 20

O/A Xefe/a de Estudos

Vº e praxe,

O Director/a

.....

.....



ACTA DA REUNIÓN ENTRE A XEFATURA DE ESTUDOS E O PAI E A NAI DA ALUMNA OU DO ALUMNO

Lugar: (nome do centro e espazo onde se celebra)

Data: de de

Hora de comezo:

Hora de remate:

PERSOAS ASISTENTES:

De ser o caso:

- Non comparecencia da persoa ou das persoas convocadas pola xefatura de estudos.

ORDE DO DÍA:

1. Analizar o estado do expediente de absentismo aberto á alumna ou ao alumno e informalos do proceso que se seguirá de non acadar un acordo que permita a súa paralización.
2. Tratar de buscar unha solución que permita a paralización e arquivo do citado expediente de absentismo.

DELIBERACIÓNS:

1. Analizar o estado do expediente de absentismo aberto á alumna ou ao alumno e informalos do proceso que se seguirá de non acadar un acordo que permita a súa paralización.
2. Tratar de buscar unha solución que permita a paralización e arquivo do citado expediente de absentismo.

DECISIÓN ADOPTADA:

Desenvolvidos os puntos da orde do día, como se recolle nas deliberacións, resólvese:

- Paralizar e archivar o expediente de absentismo, dado o compromiso do pai e/ou da nai (de seren as persoas titoras legais ou gardadoras, indicalo) de evitar as faltas de asistencia a clase sen xustificar do seu fillo ou da súa filla (se fose outra a relación, indicalo).

- Continuar co expediente de absentismo, comunicando o tratado e resolto nesta reunión á dirección do centro educativo por parte da xefatura de estudos, para o seu coñecemento e posterior notificación ao Servizo Territorial de Inspección Educativa e ao Concello de residencia da alumna ou do alumno.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión e redáctase esta acta, da que se facilitará copia á dirección do centro educativo.

O/A Xefe/a de Estudos

Asdo:



REGISTRO DE CUMPRIMENTO DAS ACTUACIÓNS

D./Dna.:, xefa ou xefe de estudos á vista do número de faltas de asistencia a clase e do expediente de absentismo iniciado á alumna ou ao alumno e segundo se establece no protocolo de absentismo,

CERTIFICO:

1. Que das actuacións que figuran a continuación cúmprense as que figuran cun X:

- Control diario das faltas de asistencia a clase, por parte do profesorado de área, materia, ámbito ou módulo.
Rexistro das faltas de asistencia a clase da alumna ou do alumno por parte do profesorado de área, materia, ámbito ou módulo.
Xustificación das faltas de asistencia a clase ante o profesorado titor.
Rexistro da xustificación das faltas de asistencia a clase da alumna ou do alumno, por parte do profesorado titor e na aplicación informática de xestión académica (XADE).
Comunicación á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais ou gardadoras, por parte do profesorado titor e con frecuencia mensual, das faltas mensuais de asistencia a clase da referida alumna ou alumno, diferenciando as xustificadas das non xustificadas.
Inicio do expediente de absentismo dentro dos sete días naturais seguintes á data na que as faltas de asistencia a clase sen xustificar da alumna ou do alumno citado superaron o dez por cento (10 %) do horario lectivo do mes de

2. Que as faltas de asistencia a clase sen xustificar superaron o dez por cento (10 %) do horario lectivo mensual o día de de

3. Que a apertura do expediente de absentismo produciuse o día de de

De ser o caso: DILIXENCIA para informar de que o incumprimento da actuaciónse debeu ás seguintes causas:

- •

Barrantes, de de 20

O/A Xefe/a de Estudos

Vº e prace

O/A Director/a

.....

.....



NOTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE DE ABSENTISMO

1. DATOS SOCIO-FAMILIARES

1.1 Datos da ou do menor

Nome e apelidos:			
Enderezo:		Teléfono:	

1.2 Datos familiares

Nome e apelidos do pai:		
Nome e apelidos da nai:		
Se é o caso, nome e apelidos da persoa titora legal da ou do menor:		
Parentesco:		
No caso de estar baixo a garda ou tutela da Administración, nome e apelidos da persoa responsable:		
Número total de irmáns:	Lugar que ocupa:	Nº de membros da unidade familiar:
De ser o caso, relación de irmás ou irmáns matriculados no mesmo centro educativo:		
Nome	Curso	
Nome	Curso	
Persoas que conviven co alumno ou coa alumna:		

2. DATOS ESCOLARES

2.1 Centro escolar

Denominación:	
Enderezo:	
Teléfono:	Director ou directora:

2.2 Escolarización da alumna ou do alumno

Etapa na que se atopa matriculada ou matriculado:	Curso:
Profesora ou profesor titor:	
De ser o caso, indicar outros centros nos que estivo matriculada ou matriculado:	
Centro	Concello
Hai constancia dalgunha problemática da alumna ou do alumno neses centros? Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	
En caso afirmativo, descrición desa problemática	
Repete ou repetiu algún curso? Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> En caso afirmativo, cal?	

Número total de faltas de asistencia a clase no actual curso escolar:
entes coñecidos de expedientes de absentismo tramitados con anterioridade?
Non

2.3 Rendemento escolar

É satisfactorio? Si Non
Achega habitualmente o material escolar? Si Non
Participa en actividades extraescolares e/ou deportivas? Si Non

2.4 Relacións cos seus iguais e co profesorado

Ten condutas agresivas co profesorado? Si Non
Ten dificultades de integración no grupo? Si Non
En caso afirmativo, completar :
 Mantén unha conduta pasiva Mantén unha conduta agresiva
 Íllase Íllana/o
Outros aspectos que se deben destacar:

2.5 Medidas de atención á diversidade adoptadas polo centro con esta alumna ou este alumno

3. OUTROS ASPECTOS RELEVANTES

Engadir calquera outro aspecto que se considere relevante e non foi recollido nos apartados anteriores.

Barrantes, de de 20
O/A Director/a,

.....

De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, estes datos serán tratados de xeito confidencial, podendo incorporarse aos ficheiros das institucións con competencias ou responsabilidades no control ou tratamento do absentismo escolar. Todas as persoas que, en razón do seu cargo ou función, teñan acceso a eles están obrigados ao segredo profesional e ao deber de custodia.

Sr/a. xefe ou xefa do Servizo Territorial da Inspección Educativa de Vigo
Sr/a. alcalde ou alcaldesa do Concello de Tomiño